

A CRISE , AÍNDA QUE INDIRECTAMENTE, AFECTA TAMÉN OS NENOS SAHARAUIS.

Millones de nenos de todo o mundo son afectados dende unha idade moi temprana pola guerra, a fame e a represión. Un deses pobos que o sufren é o pobo saharai, un pobo que se ve obrigado a vivir nun deserto inóspito, refuxiados en campamentos de Arxelia, e un neno precisa infinidade de coidados, comida, auga e un bo lugar onde vivir.

Sen embargo, a mediados dos anos 80, creouse un proxecto para axudar a esos nenos. Un proxecto que pretendía axudar a eses nenos, cunha dieta equilibrada e coidados e comodidades moito máis superiores ás que se lle podería dar nun deses campamentos en Tinduf (Arxelia).



Ese proxecto garantizaba unha familia de acollida de verán en España a eses nenos, nenos que sufrían anemias provocadas pola falta de hierro na súa alimentación, escasez de vitaminas, proteínas e aminoácidos esenciais, ademáis de parásitos proovados pola falta de hixiene dada a falta de auga. Todas estas enfermidades e doenzas poden chegar a solucionarse cunha dieta variada, rica en frutas e verduras, e unha hixiene normal.

Sen embargo, por causa da crise, moitas familias que antes podíanse permitir ter acollido a un deses nenos, deixaron de poder. Moitos nenos teñen que quedarse en campamentos arxelianos, campamentos nos que a auga escasea e non reciben as atencións sanitarias recomendadas.

Eses nenos tiveron que sufrir nas suas carnes o continuo movemento de seu pobo, e unhas condicións de vida que, ninsequera nós, os europeos, unha sociedade rica e ben preparada, poderíamos soportar.

Este é un artigo de demanda, un artigo co que pretendo pedir axuda para eses nenos, un artigo para concienciar a poboación dun país rico en recursos, un artigo co que facer unha chamada a todas aquelas familias que teñen un bo nivel económico e poden acoller a un deses nenos, axudade ao pobo saharai, ou polo menos ós seus nenos.

Daniel Vázquez Paredes

4º A